

MELLORA DA RECOLLIDA SEPARADA DE RESIDUOS NA FACULTADE DE CC.EE.

Datos sobre cambios introducidos e seguimento

Novo modelo de segregación: contedores de papel, outubro 2016; illas de reciclaxe P/C-MO-Resto, 05/02/2017

Datas da caracterización: A) 07/02/2017, B) 12/05/2017

Contedores de P/C caracterizados: 5 (A) e / (B), dun total de 12 no centro.

Colectores de MO (bolsa verde) e EnL (bolsa amarela) caracterizados: 6 (A) e 11 (B), dun total de 20 no centro.

Realización: bolseiros OMA-UDC, ADEGA, OMA.



Nas cinco plantas do centro agrupáronse os colectores de residuos en illas de tres unidades, destinados a papel/cartón, materia orgánica compostable e fracción seca (Resto).




Imaxes da xornada informativa (07/02/2017)

Calidade da recollida: índice de propios

En conxunto, a calidade dos materiais nos contedores (% de propios) foi a seguinte:

Contedor	Feb 2017	Maio 2017
FSRM	60,4±24,7%	67,0±21,1
FORM	57,8±13,8%	71,5±22,1
P/C	61,1±33,0%	94,8±5,2




En todos os casos houbo melloras, incrementándose a porcentaxe de materiais propios que alcanzaron cifras próximas o 70% na bolsas verde e marela, e ao 95% no contedor de papel/cartón. A presenza de papel nas bolsas verde e amarela foi moi reducida (1,4 e 0,9%, respectivamente). Os impropios no contedor de papel correspondendo sobre todo a envases (3,6%) e en menor medida residuos orgánicos (1,6%). Porén, os residuos de envase presentes son moi visibles e, a pesar da mellora, seguen superando os índices habituais nos contedores de papel a nivel urbano. Por tanto, queda unha marxe para a mellora da calidade do papel recollido.

A presenza de un 28-33% de impropios nas bolsas verde e amarela (en casos concretos, máis do 50% de impropios) está no rango dos valores globais coñecidos para a recollida de residuos no ámbito urbano da Coruña, e debe ser obxecto dunha mellora substancial.

Índices de captura

Os índices de captura de cada material no contedor propio na campaña de maior de 2017 resultou do 64,8% para materia orgánica, 66,7% para a fracción seca, e 98,3% para papel/cartón. O índice de captura de P/C nos contedores propios foi elevado tanto en febreiro como en maio. En primeiro lugar, só se detecta P/C nos contedores FSRM e FORM nalgunha

das illas, e sobre o total, so un 0,4% (febreiro) e 1,1% (maio) do material recollido nos cubos FSRM e FORM foi papel/cartón.



A mellora dos índices de captura de materia orgánica e materiais reciclábeis require da mellora da segregación destas dúas fraccións.

Taxa de xeración


Para a campaña de maio, nos contedores P/C estudados pesouse un total de 14,9 kg de material dos que 14,2 eran Papel(/Cartón. Sumado o contido doutros 3 contedores non caracterizados, obtense unha taxa de xeración de 2,5 kg/día lectivo de papel/cartón recollido nos contedores P/C. Esta taxa de xeración semella algo reducida para un centro tan grande. Pero isto non conta o papel xerado nas áreas de profesorado.

As cantidades de residuos orgánicos e resto serían practicamente similares en febreiro: 2,27 kg/d de Resto e 2,22 kg/d Orgánico, nas 6 illas caracterizadas dun total de 20 illas con colector verde e amarelo (7,6 kg/d de Resto e 7,4 kg/d de Orgánico, por extrapolación ás 20 illas).

En maio, as cantidades de residuos orgánicos e resto foron: 1,96 kg/d de Resto e 1,77 kg/d Orgánico, nas 11 illas caracterizadas, dando por extrapolación un total de 3,56 kg/d de Resto e 3,22 kg/d de Orgánico. Estas últimas cifras son só a metade das rexistradas en febreiro.

As cantidades de residuos son pequenas mais mellorar a participación das persoas usuarias (a comunidade universitaria) na súa separación en orixe presenta un grande interese, pois cabe agardar que todas as persoas manteñan un comportamento similar a este respecto no centro e no fogar. Un desafío educativo que no conxunto da UDC atinxe a unha comunidade de máis de 20000 persoas que se van renovando parcialmente cada ano.

Fotografías dos materiais



Arriba: fondo dun contedor de papel con envases e restos de alimentos pegados, e restos de envases retirados dun contedor de papel.

No medio: Alimentos “embalados” no contedor de orgánico, unha práctica que impide a compostaxe e recuperación da materia orgánica.

Abaixo: fiambreiras depositadas na bolsa amarela con grandes cantidades de comida no seu interior. A persoa usuaria dispuña das ferramentas axeitadas para baleirar os restos orgánicos na bolsa verde e depositar o plástico na amarela, mais non o fixo.

Conclusiones e propostas

A calidade do papel mellorou pero compre conseguir que non se tiren envases nos contedores, que ademais de impropios e reducir a calidade do material, son moi visibles e desaniman a participación.

A separación entre restos da comida e envases/envoltorios debese mellorar sensiblemente e precisa información detallada ás persoas usuarias, que manifestan non ser consciencias cando entregan fiambreiras cheas de comida ou bocadillos con envoltorio sen separar. Eses materiais non poden ser recuperados na planta de Nostián se nós non os separamos antes.

Tamén se atoparon botellas de auga con boa parte do seu contido, de tal forma que, en conxunto, aproximadamente o 10% dos residuos depositados nas bolsas verde e amarela era auga mineral. Un envase de auga coa metade do seu contido dentro multiplica por 10 o seu peso e crea deterioro dos materiais para a súa reciclaxe, ademais de consumir enerxía no transporte e procesado dos residuos.

Compre continuar a sensibilización para incrementar a calidade de todos os materiais recollidos. Entre as propostas par ao novo curso 2017-2018, podemos considerar a información directa en todas as aulas por parte do profesorado, a información dos resultados e obxectivos en xunta de centro, e a realización de campañas nos corredores dos centros, incluíndo a exposición dos materiais atopados nos contedores xunto con breves notas alusivas ao seu impacto ambiental dunha separación incorrecta.

Por último, deberíase analizar a universalización do modelo P/C-MO-Envases en todo o centro, eliminando as “papeleiras” con bolsa negra que aínda queda no interior da aulas.